Traballo de apoio

Unidade 6

1. Procura nalgunha fonte de información (enciclopedia, libro, etc.) as características fundamentais da Ilustración e resúmeas.

2. Investiga que gran feito histórico acontece no continente americano e que tivo unha importante repercusión en todo o mundo.

3. Que postula Montesquieu en *O espirito das leis?*

4. Subliña os aspectos más destacados do texto de H. Barreiro (texto número 1 da Selección de textos da unidade).

5. Que se destaca no texto de A. Soboul (texto número 2 da Selección de textos da unidade)?

6. Sintetiza as mensaxes básicas do texto de R. Villares (texto número 3 da Selección de textos da unidade)

7. Que institucións son obxecto de crítica nos fragmentos das cartas de Montesquieu (texto número 4 da Selección de textos da unidade)?

8. Cal é o tema central do texto de Rousseau (texto número 5 da Selección de textos da unidade)?

9. Que aspectos satíricos se deixan ver no fragmento das *Viaxes de Gulliver* (texto número 6 da Selección de textos da unidade)?

10. A finais do XVIII xa se dan elementos estéticos que van caracterizar o romanticismo?. A través de que exemplos literarios?

Unidade 6. Respostas ao traballo de apoio

1. En síntese, o movemento ilustrado presenta, como ideoloxía da burguesía do XVIII, unha serie de trazos básicos, a partir dun racionalismo crítico: combater toda superstición e ignorancia da sociedade humana, cuestionando e rexeitando os dogmas da relixión; ademais, asumir os descubrimentos científicos, e considerar a educación como o mellor instrumento de difusión da propia razón; tamén confiar na capacidade das persoas e dos pobos para a construción de sociedades máis xustas. En fin, estimular o optimismo no ser humano para a consecución dun mundo mellor.

2. Sen dúbida, a declaración de independencia das colonias inglesas en América do Norte. O 4 de xullo de 1776, despois de todo un proceso previo, o Congreso reunido en Filadelfia, acorda unanimemente a Declaración de Independencia, cun texto redactado por Thomas Jefferson. Desvencelladas politicamente as colonias da metrópole inglesa, créanse os Estados Unidos, que teñen como primeiro presidente a George Washington en 1788.

3. Admirador do parlamentarismo inglés, Montesquieu desenvolveu o principio da separación de poderes como mecanismo limitador ou garantía contra o absolutismo. Nel establece un poder lexislativo que elabora as leis, un executivo que as fai cumprir e un poder xudicial para administrar a xustiza.

4. Destaca o importante papel dos ilustrados franceses para o proceso revolucionario de 1789. O papel da teoría política (no caso de Rousseau, a teoría pedagóxica) na Revolución Francesa. Os ilustrados, como abandeirados dunha clase burguesa con poder económico e en ascenso social imparable, van precisar un novo modelo teórico-práctico de Estado: o que precisaba a burguesía. A ilustración non é razón suficiente para ese cambio estrutural que abre a época contemporánea. No fondo, estaban as razóns económicas e sociais e as condicións obxectivas que a propiciaron.

5. Aínda que a Ilustración, como "filosofía da burguesía" substituíu en todos os ámbitos co principio da razón o de autoridade e tradición, houbo entre os grandes filósofos, a pesar dese fondo común, diferenzas substantivas derivadas da cuestión social e da profundidade dos cambios estruturais que se pretendían acometer. O problema político e social marcou esas diferenzas. Fronte a Montesquieu e Voltaire, que con matices reservaban os dereitos políticos aos ricos, Rousseau tiña unha concepción máis democrática, atacando mesmo a propiedade e desenvolvendo a teoría da soberanía popular. Este ilustrado expresou o ideal político e social da pequena burguesía e do artesanado. De aí xorde a tese igualitaria coa que se preconiza a función controladora do Estado fronte aos abusos da propiedade individual e o papel equilibrador do poder lexislativo.

6. Neste texto dáse a definición do concepto de Ilustración nas coordenadas da época do Século das Luces, o seu propósito de avance e reforma, a súa arela de mellora social e individual, e a visión crítica da sociedade do Antigo Réxime. No caso de Galicia, os ilustrados, no campo cultural, representan a primeira visión integrada do país, a súa conciencia reivindicativa e dignificadora.

7. Nestes fragmentos, as institucións censuradas son o papado e a monarquía. Hai unha crítica aberta á situación da igrexa, co tema das herexías, os inquisidores, etc. Respecto ao rei, o que máis se resalta é a súa oufanía, xactancia e exhibicionismo arrogante.

8. Neste fragmento correspondente ao Emilio de Rousseau alúdese á importancia da educación pública como parte inseparable do proceso de construción do novo Estado; o papel da educación como creadora de conciencia crítica e reprodutora dos valores e

intereses da clase predominante. É dicir, este fragmento establece a educación como cuestión de Estado. Amosa, en relación histórica con esa proclama, a admiración modélica pola Grecia clásica, onde se sitúa a base teórica dos sistemas educativos.

9. Neste fragmento, correspondente á estadía de Gulliver en Liliput, aparece algún exemplo do que se coñece como "historia paralela" existente entre o relatado e os feitos do seu tempo, ben usada como mecanismo satírico en toda a novela. Aquí podemos atopar a mención dos sistemas de promoción do poder, a maneira de conseguir os cargos políticos, a través do absurdo cerimonial do funambulismo na corte de Liliput. Tamén hai, neste contexto, unha clara crítica a un máis destacado membro do goberno, Flimnap. Estes episodios son a translación literaria de feitos reais, no contexto da loita entre os *tories* e os *whigs*, sobre todo no referido á sátira política do citado ministro de Facenda, que ten unha correspondencia real con Walpole, unha das pezas *whigs* fundamentais durante o reinado de Xurxo I.

10. A paixón, o sentimento e o idealismo van complementar crecentemente a razón nos produtos culturais. Con esta óptica, cómpre citar o prerromanticismo na literatura inglesa do XVIII, con exemplos como Jane Austen, William Blake ou os folletíns góticos, e, sobre todo, a literatura alemá co *Stum und Drang* ('Tempestade e Empuxe'), onde sobresaen autores como Schiller ou Goethe (este último, será o máximo representante do fértil e variado romanticismo alemán).